

1992



“O canistrel de mestos lumiared
que na serán calada se derrama,
todo luz, todo ouro, todo flama,
envexa de sol pores e de mares,

preludio é dos pálidos luared
con que na noite a praia se recama,
en tanto a onda en pasión ama e desama,
envolveita ñas néboas tutelares...

Ría de Arousa, grávida de cores,
serea dos atlánticos amored
que acariñadle a miña infancia inxela,
faima un recanto no argacento coló,
un sartego onde durma ao teu arrola
no máis esquivo con da túa órela!”

“Diante do mar de Cambados”, *Seitura* (1955)

“Fermín Bouza-Brey ten traballado, desde sempre, nos eidos da nosa cultura. Sendo aínda alumno da universidade compostelá fundou xunto á compañía doutros rapaces o Seminario de Estudos Galegos. A partir de entón a actividade literaria e erudita xa non deu pausa. Para Bouza-Brey, as xentes e as cousas de Galicia, grandes e pequenas, a vida popular, a paisaxe arqueolóxica, a etnografía e o folclore constitúen unha temática preferente.”

“Conversa con Fermín Bouza-Brey”, *Galicia Emigrante*, núm. 20 (1956)
Salvador de Lorenzana

FERMÍN BOUZA-BREY

(Pontearas, 1901 – Santiago de Compostela, 1973)

Foi un escritor, xurista, investigador de Etnografía e Arqueoloxía, e profesor universitario. Estudou Dereito e Filosofía e Letras nas universidades de Santiago de Compostela e Madrid, e exerceu a carreira xudicial en diferentes localidades; foi membro da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos. É autor dunha prolífica obra en diferentes campos ademais de colaborar en numerosas publicacións coma *Nós*, *Cristal*, *Resol* e *A Nosa Terra*.

GRANDES ÉXITOS



1933

Nao senlleira (1933) é unha obra poética que foi impresa pola editorial Nós en Santiago de Compostela. Destaca pola súa edición e presentación, e por ser exemplo do neotrobadorismo. Nela o autor procura a recuperación dos ritmos poéticos da literatura galego-portuguesa recollida nos cancioneros medievais.

Seitura (1955) é un poemario no que mestura o estilo poético de *Nao senlleira* con novas composicións e temáticas.



1955

Outras das súas obras son *Cabalgadas en Salmés* (1925), *Bibliografía da prehistoria galega* (1927), en colaboración con Florentino Cuevillas, e *Gozos a divina pelerriña* (1948), premiado coa Flor Natural no Certame Literario das Festas da Celestial Patroa de Pontevedra de 1948.

